

BE

Utiliza a Biblioteca

- Nunha biblioteca atoparás libros, a prensa diaria, revistas, películas, música... para disfrutar cos amigos ou en soedade.
- Para atopar os libros e todo tipo de documentos necesitas saber cómo funciona unha biblioteca, ben sexa a do instituto, a do concello, ou outra calquera que visites.
- Na nosa Biblioteca cada andel ten á vista o nome da materia así como o número da **CDU** correspondente. Dentro de cada materia os libros están ordenados alfabéticamente por autor.
- Cando un libro entra na biblioteca é selado, clasificado e rexistrado. O número de rexistro individualiza o libro e atópase na primeira páxina e no código de barras da contraportada.
- Tódolos libros da biblioteca pódense consultar. Unha vez consultado é necesario devolvelo ó seu lugar exacto. Axúdate do **plano da BE**
- A Biblioteca Escolar é o servizo que o Instituto pon a túa disposición para axudarte nas túas necesidades de estudo e formación.
- Podes utilizar os seus servizos de luns a venres en horario escolar.

Descubre o que che ofrecemos

Os nosos recursos

- Unha **sala de consulta e lectura** con materiais en libre acceso.
- Unha sala con libros de **autopréstamo para as familias**.
- **Recursos electrónicos e informáticos** con acceso a internet.
- A **bibliografía recomendada** polo teu profesorado.
- Un equipo de persoas a túa disposición.

Os nosos servizos

- Información documental.
- Acceso informatizado ós **fondos** documentais. Máis de 6000 volúmenes.
- **Préstamo informatizado** de libros, audiovisuais e outros materiais que poderás levar con presentar o carné do instituto.
- Sesións informativas sobre os recursos e servizos da BE.
- Podes suxerir a compra dun libro que non estea na biblioteca. A biblioteca valorará as túas propostas e tramitará a súa adquisición.
- Acceso a mostras de traballos realizados polo alumnado.
- Organización de actividades propias
- Difusión da información e novidades a través da web do instituto, taboleiros de anuncios, **guías** e boletíns.

Colabora con nós

- No coidado das instalacións, equipamento e fondo bibliográfico.
- En crear un ambiente adecuado de lectura e estudo.
- No cumprimento dos prazos de préstamo.
- No coñecemento e respecto das **normas** da Biblioteca.
- Coas túas suxestións e opinións que podes facernos chegar a través do correo electrónico, da caixa de suxestións e do profesorado encargado da biblioteca.
- No **equipo de colaboradores** para a súa xestión e dinamización.

Utiliza a Biblioteca

**Descubre o que
che ofrecemos**

Colabora con nós

ies.sanxenxo@edu.xunta.es

WWW.

<http://centros.edu.xunta.es/iessanxenxo>

BIBLIOTECA

O servizo que o Instituto pon a túa disposición para axudarte nas túas necesidades de estudo e formación.

Biblioteca Escolar Ies Sanxenxo

GUÍA INFORMATIVA